



Unidade de orixe: GABINETE DE COMUNICACIÓN

Unidade de destino: INTERVENCIÓN

Asunto: SOLICITUDE DE CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Como complemento ao informe de necesidade da contratación de referencia cómpre realizar a consignación orzamentaria oportuna para continuar co procedemento.

Tal e como ven determinado nos artigos 100 e 101 da LCSP, coidouse que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado e adecuado para o seu efectivo cumprimento.

Para a estimación do orzamento máximo da presente contratación realizouse unha previsión das necesidades de publicación do Gabinete de comunicación durante o período de duración do contrato de acordo coas campañas de publicidade contempladas no Plan de Medios da entidade provincial que encaixarían dentro das prestacións obxecto deste contrato, atendendo aos prezos de mercado ofertados nos últimos anos polos medios de comunicación con presenza no territorio e nos que a Deputación de Lugo realiza habitualmente as súas insercións de publicidade institucional, e considerando a porcentaxe da comisión de axencia como contraprestación polos servizos especializados para a adquisición de espazos e inserción de anuncios e outros produtos de comunicación.

Sinalar a este respecto que a duración da contratación que se pretende realizar, estenderase ata o 31 de decembro do 2019, contado a partir da data na que se inicie a prestación dos servizos ou ata a data na que se esgote o orzamento máximo previsto para esta contratación. Ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades de publicación de publicidade institucional da Deputación provincial de Lugo, a entidade provincial non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real aos prezos que resulten da adxudicación e as contratacións de espazos e tempos nos que se inserirá a publicidade institucional provincial nos diferentes medios efectivamente requiridas e realizadas no marco deste procedemento.

En base ao anteriormente exposto, o orzamento total para a contratación dos servizos dunha axencia de medios para a difusión de publicidade institucional xenérica da Deputación Provincial de Lugo, ascendería a un total de 99.500,00 euros, aos que habería que sumar en concepto de IVE (21%) 20.895,00 euros o que fai un total de 120.395,00 euros.

É polo que, por medio do presente, **SOLICÍTASE** a esa Intervención Provincial, certificado acreditativo da existencia de crédito axeitado e suficiente para facer fronte ó



DEPUTACIÓN DE LUGO

gasto proposto, que ascendería a un total de **120.395, 00** euros (IVE engadido) , aos efectos de continuar co procedemento.

Incorpóranse ao expediente todos os antecedentes e documentos, informe da xustificación da necesidade da contratación e providencia de inicio.

Lugo, 16 de xaneiro do 2019



A Xefa Ud. Apoio e Xestión
Activa Comunicación

Isabel Ron Torres

CONFORME e tramitese o expediente
O PRESIDENTE
P.D. Decreto de data 11-01-2019
O VICEPRESIDENTE,

Asdo: Argelio Fernández Queipo

RC: 22019/117
EXCMÁ. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Certifico a existencia de crédito suficiente na
partida... 9200.22602... do vixente Orzamento
Xeral para o importe de ...120.395... euros.

Lugo, 16 de I..... de 2019.

A Interventora,

Asdo.: Rosa Abelleira Fernández